

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 2 DE FEBREIRO DE 2022.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dous de febreiro de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel, en substitución do Vicesecretario accidental e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase denegar as seguintes licenzas urbanísticas: para demolición de edificación existente e construción dunha nova edificación para vivenda unifamiliar, na Estrada de Santiago, número 94. (expte: 2020/Y001/000050) e para a demolición interior conservando fachada e muros medianeiros, na rúa Doutor Castro, número. (expte: 82/18).

Acórdase a concesión da licenza urbanística para reforma de fachada de local de planta baixa sita na rúa Concepción Arenal, número 73, baixo esquina rúa Ourense. (expte: 2022/Y001/0000017).

Tamén se acorda a dengación da licenza urbanística para reestruturación total e ampliación de edificio, cambio de uso de vivenda a apartamentos turísticos, na rúa Doutor Castro, número 4. (expte: 115/19).

Acórdase desestimar o recurso interposto contra a resolución adoptada na Xunta de Goberno Local de data 3 de novembro de 2021, en relación coa licenza urbanística para rehabilitación con mellora da accesibilidade en edificio existente, na rúa Rio Ulla, número 3 expte: 2020/Y001/000209. (Expte recurso: 2021/P014/000126).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a 3ª prórroga do contrato por un ano contrato correspondente aos servizos de mediación e asesoramento preparatorio da adxudicación e formalización de contratos de seguros e reaseguros do Excmo. Concello de Lugo. (Exp. 2018-35 Tecol 2020/C003/000071).

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac9162211928621116743.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 2-2-2022

Tamén se acorda a primeira prórroga do contrato para o servizo de colaboración co Concello de Lugo para a asistencia xurídica e representación e defensa en xuízo. exp ref: 2020/C003/000025 que vai dende a data do 18.02.2022 ata o 17.02.2023.

Tamén se acorda a desistencia do procedemento por erro no iva aplicado na contratación dos servizos de prevención e control da lexiolose nas instalacións de titularidade municipal e desinfección, desinsectación e desratización no Concello de Lugo. Exp. ref. 2021-C003-000039.

Acórdase a adxudicación na contratación do servizo da dirección de obra, dirección de execución material e coordinación en materia de seguridade e saúde durante a execución das obras de "Peonalizacion da rúa Calzada da Ponte" incluído no programa operativo Feder Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro con financiamento do 80%. Exp. ref.2021-C003-000038.

Acórdase a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade na contratación para o patrocinio publicitario con motivo da celebración no Concello de Lugo da copa da raíña de voleibol 2022. Expte ref. 2022-C005-000003.

3. PERSOAL.- Acórdase a resolución parcial e definitiva concurso para a provisión de varios postos de traballo no Excmo. Concello de Lugo para adxuntos de servizo, xefes de sección e adxuntos de sección: posto xefe/a de sección de atención cidadá (SAC).

Acórdase aprobar a resolución concurso para a provisión de varios postos de traballo no Excmo. Concello de Lugo para xefes de servizo.

Do mesmo xeito acordase a adscripción provisional ao posto de xefe/a Sección Fomento (Cód 05/18) e cese no posto de xefe de servizo de control financeiro (Cód 61/208/2)

4. FACENDA LOCAL.- Acórdase a aprobación dos proxectos de modificación das ordenanza fiscales: número 201, reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana; número 200, reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica; xeral; número 109, reguladora das taxas polo servizo municipal de subministración de auga potable a domicilio; número 116, reguladora das taxas pola prestación de servizos nas escolas infantís (0-3 anos) municipais; número 152, reguladora das taxas por aproveitamentos especiais da vía pública; número 153, reguladora das taxas por aproveitamentos especiais da vía pública con entradas de vehículos e reservas de vía pública; número 114, reguladora das taxas pola prestación do servizo de mercado e a número 157, reguladora da taxa polo aproveitamento especial do dominio público

local por parte de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos.

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA

5. ACTAS E GOBERNO.- Acórdase a modificación de designación de representante municipal no padroado da Fundación "Rof Codina". (Exp. 2022/G004/000092).

Tamén se acorda o cambio do representante municipal no Consello Escolar do CEIP Menéndez Pelayo. (Exp. 2022/G004/000093).

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

7. SERVICIOS SOCIAIS.- Acórdase a aprobación da convocatoria de autorización de uso en precario dos locais e instalacións da Casa Clara Campoamor de asociacións de interese social e da Casa María Mariño de asociacións de interese social, para o desenvolvemento dos seus programas e actividades. (ano 2022).

Fora da orde do día

- Contratación do servizo de atención telefónica ao cidadán (010) expte. Ref: 2018-12. Prórroga do contrato por un período máximo dun ano dende o 30-12-2021 ata o 29-12-2022.
- Corrección de erro das bases específicas para o acceso en propiedade a doce prazas de Bombeiro/a conductor pertencentes ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre (3 incluídas na OEP 2017, 3 incluídas na OEP 2018 e 6 incluídas na OEP 2020)
- Bases que rexerán o concurso para a provisión do posto de traballo adxunto/a servizo de parques e xardíns no Excmo. Concello de Lugo.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.